

*A miña nai está posuída polo demo,
o meu pai é o home máis triste do mundo,
a miña irmá está namorada dun can,
a que amo non me ama,
e non teño onde vivir.
Que debería facer?*

HOUSE

DESAFORADO

DE **DANIEL MACIVOR**
TRADUCIDO POR MARÍA REIMÓNDIZ
CON **CELSO PARADA**



Canada Council
for the Arts

Conseil des arts
du Canada

TEATRO DO MORCEGO
P R E S E N T A



HOUSE

DESAFORADO

DE **DANIEL MACIVOR**
TRADUCIDO POR MARÍA REIMÓNDIZ
CON **CELSO PARADA**



Canada Council
for the Arts

Conseil des arts
du Canada



uOttawa



DIRECCIÓN
Kevin Orr

TRADUCCIÓN
María Reimóndez

ASISTENTE DIRECCIÓN
Inma López Silva

VESTIARIO
Carlos Alonso

ESPAZO ESCÉNICO
Kevin Orr

DESEÑO ILUMINACIÓN
Kevin Orr / Celso Parada

FOTOGRAFÍA E DESEÑO
GF/STUDIO

Agradecementos: Concello de Moaña e Concello de Cangas por facilitarnos os espazos de ensaio.
A Manuel García Martínez por ternos posto en contacto con Kevin Orr.
Agradecemento especial a Isabel Ávila como mentora deste espectáculo.



Canada Council
for the Arts

Conseil des arts
du Canada



uOttawa

Dende a cadeira do director: Un canadense en Cangas

No revolto clima político actual de tanta ambigüidade, falar de colaboración internacional comeza a soar a oxímoro. Traballar man a man, crear algo para todo o mundo, implicarse de xeito xenuíno cunha comunidade doutro país son cousas cada vez máis escasas. E malia a todo, mesmo nesta atmosfera de aire escaso, síntome pletórico. Atópome rodeado de persoas de mente e corazón xeneroso, integrantes da comunidade artística e social galegofalante; unha comunidade comprometida coa súa historia, coa súa cultura, coa súa lingua e co seu futuro. Moito se me asemella ao lugar de onde procedo, Montreal, en Quebec! Se ben as nosas linguas e historias nos fan únicas, non nos separan.

Benvidas, benvidos a HOUSE, de Daniel MacIvor. O protagonista deste evento teatral é Vítor, un estraño entre nós. Vítor séntese abandonado pola súa comunidade e fai esforzos por atopar un fogar. Se ben a obra foi escrita por un canadense, calquera de nós pode compartir o desexo de Vítor de pertencer a algures, de compartir un lar coas persoas que queremos. Nese marco, só podo dicir que Galicia fixo que este canadense atopase precisamente o que Vítor busca, unha acollida e un fogar. Pode un estranxeiro pedir algo máis?

Ningunha persoa está soa. Por iso esta obra non sería posible se non fose polo apoio de Manuel García Martínez, profesor da Universidade de Santiago. Foi el quen comezou esta colaboración co Canadá en 2015. O xermolo que botou daquelas é a árbore que vedes hoxe. As contribucións creativas da tradutora, o deseñador e a asistente de dirección uníronse para darlle pulo a esta creación superando os confíns da miña pequena mente. Temos que darlles as grazas a todas estas persoas pola marabilla desta produción, se ben eu son o único responsable de calquera deficiencia. Finalmente, quero agradecer e abrazar de corazón a Celso Parada polo seu talento destemido, a súa xenerosidade sen fin e a súa coraxe á hora de abrirse, coa vulnerabilidade que isto implica, a traballar con este estranxeiro canadense ao redor dunha obra estranxeira canadense. Este artista inmenso é proba vivente de que podemos ser persoas e comunidades únicas sen que iso nos separe das demais.

Agardo que vos guste o espectáculo. Agradecido por aceptardes este estranxeiro na vosa comunidade.